

Corrección de erros.-Orde do 24 de abril de 2006 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios para cubrir prazas de asesores nesta consellería.

Advertidos erros na Orde do 24 de abril de 2006, pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios para cubrir prazas de asesores nesta consellería, procédese a efectuar as seguintes rectificacións:

No artigo terceiro, segundo parágrafo, onde di: «Enténdese en situación de servizos especiais...», debe dicir: «Enténdese tamén en situación de servizos especiais...».

No anexo I, onde di:

«Denominación e nº da praza	Nº de prazas
5. Desenvolvemento curricular de ciclos formativos	3*
8. Acceso e adscrición a ciclos formativos	1

Distribución de prazas entre as distintas familias e especialidades.

5.1. Electricidade e electrónica: 1.

5.2. Electricidade ...»

Debe dicir:

Denominación e nº da praza	Nº de prazas
5. Desenvolvemento curricular de ciclos formativos	4*

Inclúese o nº de prazas 8 na 5, polo que pasa de 3 a 4 prazas e anúlase a praza nº 8.

Inclúese na distribución de prazas entre as distintas familias e especialidades, como 5.4. Química: 1.

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO TRES DA CORUÑA

Cédula de notificación de sentenza (568/2005).

Eu, Juan Rey Pita, secretario do Xulgado do Social Número tres da Coruña, dou fe e certifico que neste xulgado se seguen autos nº 568/2005, por instancia de Celia Muñiz Nion e outras contra a empresa *Antavi Texco, S.L.*, sobre salarios nos que recae sentenza en data 5 de abril de 2006, que copiada nos particulares necesarios di así:

«Que, estimando a demanda formulada por Celia Muñiz Nion, María Elena Muñiz Nion, María Pilar

Muñiz Nion, contra a empresa *Antavi Texco, S.L.*, condeno a aboarlle a cantidade de 1.546,79 euros a Celia Muñiz Nion, 1.546,79 euros a María Elena Muñiz Nion, e 1.817,42 euros a María Pilar Muñiz Nion, que lles debe en concepto de salarios.

Notifíquese a presente resolución ás partes facéndolles saber que contra ela non cabe interpoñer recurso.

Así por esta miña sentenza da que se unirá certificación aos autos orixinais para a súa notificación e cumprimento, xulgando, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que conste, para efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* a fin de que sirva de notificación en forma á empresa *Antavi Texco, S.L.*, expido e asino esta cédula na Coruña o 10 de abril de 2006.

O secretario xudicial
Rubricado

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO CATRO DA CORUÑA

Cédula de notificación de sentenza (880/2005).

Eu, Ana María Carrasco García, secretaria do Xulgado do Social número catro da Coruña, dou fe e certifico que neste xulgado se seguen autos número 880/2005 por instancia de Ricardo Vázquez Arias contra *Watnor Instalaciones y Mantenimientos*, sobre despedimento, nos que recae sentenza con data do 4-4-2006 que, copiada nos particulares necesarios, di así:

«Resolvo que, estimando a demanda promovida por Ricardo Vázquez Arias, debo declarar e declaro improcedente o despedimento efectuado con data do 15 de novembro de 2005 e, así mesmo, extinguida a relación laboral que unía os litigantes no día de hoxe, e condeno a demandada a estar e pasar pola anterior declaración e ao aboamento da cantidade de 6.795,34 euros en concepto de indemnización e a de 9.558,4 en concepto de salarios de tramitación.

Así, por esta miña sentenza, contra a que se poderá recorrer en suplicación para ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de cinco días contados desde o seguinte ao da súa notificación, anunciando o propósito de o interpor mediante comparecencia ou por escrito, sendo indispensable que, ao tempo de o anunciar o recorrente, se é empresario, exhiba perante este Xulgado do Social o xustificante acreditativo de ter depositada na conta deste xulgado aberta en *Grupo Banesto (Banco Español de Crédito, S.A. e Banco de Vitoria, S.A.)*, co número 1534 0000 60 0880 05, a